

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE XANEIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público correspondente ao resto da estrada AC-101 entre os p.q. 24 + 490 e 24 + 920 marxe dereita, a prol do Concello de Ortigueira.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. Importe total: dezaseis millóns catrocentos cincuenta e seis mil euros (16.456.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluída no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. Importe: catro millóns nove mil euros (4.009.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable da Casa da Navegación en Baiona.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regula o procedemento para autorizar a xestión de montes incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública ás entidades titulares que o soliciten.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o proxecto de orde pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais para os efectos das deducións previstas no números sete do artigo 16 e oito do artigo 17, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da Dirección Xeral do Igape polo que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras das axudas aos proxectos piloto Industria 4.0 en Galicia, cofinanciadas polo Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación.
- Informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan Renove de Fiestras, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria (códigos do procedemento IN412A- IN412B).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a Estratexia da Cultura Galega 2021.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta á disposición dunha aplicación SIGUR -Xeolocalización sistema información urxencias.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (PAC 2017-2018).

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO QUE REGULARÁ AS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

- *O decreto define este novo tipo de aloxamento como aquelas vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración e amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade*
- *Para o inicio da súa actividade, a nova norma establece simplemente a obrigatoriedade de presentar unha declaración responsable e a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia*
- *O obxectivo é erradicar as problemáticas vinculadas á proliferación da tendencia de alugar por días ou semanas a vivenda habitual para uso turístico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta nova regulación é necesaria debido á proliferación, tanto a nivel nacional como internacional, da tendencia de alugar por días ou semanas a vivenda habitual para fins turísticos, se que viu favorecido polo desenvolvemento das novas tecnoloxías, dando lugar á creación de empresas que a través das súas páxinas web ofertan este tipo de aloxamentos para a súa contratación en liña dun xeito rápido e sinxelo.

O obxectivo desta nova norma, polo tanto, é erradicar as problemáticas máis relevantes vinculadas a esta actividade, como o impacto económico-social, fiscalidade e tributación, garantía, seguridade e satisfacción das persoas usuarias, calidade da oferta, molestias xeradas aos residentes e á cidadanía, intrusión ou competencia desleal, entre outras.

Así, a principal novidade deste decreto é a introdución da regulación das vivendas de uso turístico, na que se conteñen os requisitos e servizos mínimos dos que deberá dispoñer e o seu réxime de funcionamento e do exercicio da actividade.

Esta nova normativa cumpre, deste xeito, unha demanda do sector turístico, o cal manifestou en numerosas ocasións a necesidade de regular este tipo de aloxamento, debido ao seu forte impacto e á competencia desleal que supón respecto do aloxamento turístico regrado.

Vivendas de uso turístico

O novo decreto define as vivendas de uso turístico como aquelas cedidas a terceiras persoas de xeito reiterado –dúas o máis veces ao ano- e a cambio de contraprestación

económica, para unha estadia de curta duración –inferior a trinta días consecutivos- e amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade.

A cesión deste novo tipo de aloxamento turístico será da totalidade da vivenda; non se permitirá a cesión por estancias e a súa comercialización poderá ser realizada polas empresas turísticas ou polo seus propietarios.

Para o inicio da súa actividade, o decreto establece simplemente a obrigatoriedade de presentar unha declaración responsable ante a Área Provincial de Turismo de Galicia na que radique a vivenda, e procederase a continuación, sempre que a dita declaración estea debidamente cumprimentada, á súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT).

En canto aos requisitos e servizos mínimos, as vivendas de uso turístico deberán estar suficientemente amobladas e dotadas dos aparellos e do enxoval necesario para a súa utilización inmediata, co fin de prestar un servizo de aloxamento correcto en relación coa totalidade de prazas de que dispoñan, todo en perfecto estado de hixiene.

Así mesmo, deberán contar con calefacción en todas as dependencias de uso de clientela sempre que a temperatura ambiente o requira, número de teléfono 24 horas para a atención ao usuario turístico, servizo de asistencia e mantemento da vivenda e follas de reclamación de turismo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA E ORDENA A PRODUCIÓN CARTOGRÁFICA DE GALICIA

- *A produción de recursos cartográficos de Galicia realizarase con base a nunha planificación eficiente e axustada aos estándares de calidade, precisión e interoperabilidade que establecen os organismos competentes a nivel internacional*
- *Tras a aprobación do regulamento, impulsarase o Plan galego de cartografía e a creación dun rexistro e unha cartoteca*
- *A metade das solicitudes de información sobre a cartografía de Galicia recibidas no Instituto de Estudos do Territorio son de persoas particulares interesadas no uso actual e histórico dos terreos e na propiedade da terra*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o regulamento que facilitará a produción eficiente, eficaz e adaptada aos estándares de calidade, precisión e interoperabilidade que marcan os organismos competentes a nivel internacional da información cartográfica de Galicia.

Os custos de produción do material cartográfico son elevados. Por iso, o novo marco legal garantirá unha ordenación e planificación dos recursos eficiente que responda ás necesidades dos usuarios.

Cómpre destacar que a metade das solicitudes de información que chegan ao Instituto de Estudos do Territorio son de persoas particulares interesadas en cuestións relacionadas co uso actual e histórico dos terreos e coa propiedade da terra. A outra metade corresponde a consultas de organismos públicos, maioritariamente concellos, empresas privadas e grupos de investigación.

A información cartográfica ten un valor social significativo, xa que é imprescindible para o deseño de políticas sectoriais como son o ambiente, a agricultura, o transporte e o desenvolvemento rexional, entre outros. Ineludiblemente, calquera obra ou intervención no territorio require do uso de información xeográfica actualizada que permita observar como interaccionan as diferentes forzas sobre o territorio.

Posta en marcha do Plan galego de cartografía

Ademais, a aprobación do regulamento suporá o pulso definitivo ao desenvolvemento do Plan galego de cartografía, que ordenará a produción da información e material cartográfico, con base nas necesidades dos usuarios e na xestión eficiente dos instrumentos dispoñibles.

Para a elaboración do Plan galego de cartografía formárase un grupo de traballo e convocárase nos vindeiros días a Comisión de Coordinación De Sistemas De Información Xeográfica e Cartografía. Na comisión estarán representados os diferentes

departamentos da Administración que, de forma habitual, producen información sobre o territorio, así como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A idea é que toda a información xeográfica se produza de acordo cuns estándares homologados e modelos de datos marcados polos organismos competentes a nivel internacional.

Un novo rexistro de cartografía e Cartoteca

Paralelamente á entrada en vigor do regulamento, crearanse o Rexistro de Cartografía de Galicia e a Cartoteca. No rexistro recollerase tanto a cartografía oficial, elaborada polos organismos públicos, como a non oficial, que poderá ser achegada tamén por persoas, entidades ou asociacións que elaboren nova información sobre o territorio

Pola contra, na Cartoteca almacenarase e conservarase todo o material e información xeográfica de Galicia que, na súa meirande parte, destaca polo seu valor histórico.

O Sitga seguirá ofrecendo software personalizado

Igualmente, desde o Sistema de información territorial de Galicia (Sitga) seguirase ofrecendo ás distintas administracións públicas software personalizado, e a Infraestrutura de datos Espaciais de Galicia (IDEG) porá, como ata o de agora, á disposición da sociedade a información xeográfica sobre a Comunidade, así como as características desta.

A través da IDEG, calquera persoa poderá descargar de forma totalmente gratuíta a información cartográfica que precise e con garantías de eficiencia e calidade.

A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE ORTIGUEIRA A TITULARIDADE DUN TRAMO ANTIGO DA ESTRADA AC-101 SITUADO NO COTO DE ABAIXO

- *Trátase dun treito de case 600 metros que pertence ao trazado antigo da estrada AC-101, que ten unicamente un tráfico local*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*
- *Corresponderanlle ao Concello de Ortigueira, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria*

O Consello da Xunta aproba o proxecto de decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade de todo o dominio público correspondente ao resto da estrada AC-101, entre os puntos quilométricos 24+490 e 24+920, na marxe dereita, a prol do Concello de Ortigueira.


Trátase do trazado antigo da estrada, á altura do Coto de Abaixo, que ten unicamente un tráfico local. Ao abeiro das previsións legais, a Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas emite informe favorable sobre o cambio de titularidade do treito, de 0,59 quilómetros de lonxitude.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes.

Corresponderanlle ao Concello de Ortigueira, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

Con este cambio, o Concello de Ortigueira poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, por exemplo, as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos que discorre.



A XUNTA IMPULSA CON 22 MILLÓNS A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 2.000 DESEMPREGADOS CON OBRADOIROS E UNIDADES FORMATIVAS NA EMPRESA

- *O Goberno galego pon en marcha estes programas que combinan a formación cun contrato de traballo e que forman parte das diferentes medidas da Axenda 20 para o Emprego encamiñadas a incrementar as oportunidades laborais dos galegos*
- *Os obradoiros de emprego, aos que se destina un 50 % máis de orzamento, esténdense como novidade ata os 9 meses; primaranse os proxectos da Industria 4.0 e os vinculados aos sectores estratéxicos da Axenda da Competitividade*
- *Terán preferencia os beneficiarios da Renda de Integración Social, as mulleres, os parados de longa duración, os maiores de 45 anos, as persoas sen unha titulación universitaria ou de FP de grao superior e as persoas con discapacidade*
- *Inclúense obradoiros de emprego específicos para menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil*
- *As unidades formativas nas empresas, nas que se invisten 1,4 millóns, financian o 100% da formación nas empresas, que deberán comprometerse a contratar un mínimo do 60% dos participantes*
- *As compañías que contraten a máis dun 60% do alumnado poderán recibir incentivos á contratación que poden chegar aos 9.000 euros*

A Xunta impulsará con 22 millóns de euros a contratación de máis de 2.000 persoas sen emprego de Galicia a través dos obradoiros e unidades formativas na empresa, dous programas que combinan a formación cun contrato de traballo e que forman parte das diferentes medidas que está a poñer en marcha o Goberno galego para incrementar as oportunidades laborais dos galegos a través da Axenda 20 para o Emprego.

O Consello da Xunta informou hoxe destas dúas iniciativas. Os obradoiros de emprego, aos que se destinan 20,5 millóns de euros, preto dun 50% máis que na convocatoria pasada, son programas que teñen por obxecto mellorar a ocupabilidade dos desempregados mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral ou social que lles posibilite a realización dun traballo. Ao igual que o pasado ano, inclúense obradoiros de emprego específicos para os menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil. O impulso do emprego xuvenil é unha prioridade para o Goberno galego e, por iso, a mocidade segue sendo un colectivo prioritario para a Xunta. Primaranse este ano aquelas persoas mozas que non recibisen atención anteriormente no Programa de garantía xuvenil.

Aos obradoiros de emprego poden optar os concellos e con esta iniciativa, tanto os xerais como os destinados á mocidade, estímase que se poden beneficiar 1.600 desempregados.

Como novidade este ano amplíase a duración dos obradoiros ata os nove meses. Ata o de agora estes programas duraban un máximo de seis. Así mesmo, nesta convocatoria contarán con maior puntuación os concellos resultantes de fusións, aínda que tamén terán unha maior valoración os proxectos de concellos asociados. Primaranse, ademais, os proxectos que presenten unha maior vinculación coa Industria 4.0 e cos sectores estratéxicos e de alto potencial da Axenda da Competitividade. Valoraranse, así mesmo, a relación do proxecto co tecido empresarial da zona onde teña lugar o obradoiro e as posibilidades de inserción dos alumnos.

Para optar aos obradoiros terán preferencia os beneficiarios da Renda de integración social de Galicia, as mulleres, en xeral, e as vítimas de violencia de xénero, os parados de longa duración, os maiores de 45 anos, aqueles alumnos que carecen de títulos universitarios ou de FP de grao superior e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Unidades formativas

Para as unidades formativas nas empresas, o segundo dos programas que porá en marcha o Goberno galego para impulsar a contratación, invístese, ao igual que o pasado exercicio, 1,4 millóns de euros, co que se prevé beneficiar a 450 alumnos a través de 30 unidades formativas. Este orzamento é ampliable para atender todas as solicitudes sempre que cumpran cos requisitos establecidos na orde de axudas.

A Xunta, con esta actuación que é unha demanda do tecido empresarial galego, financia o 100 por cento da formación das empresas que, pola súa banda, deberán contratar un mínimo do 60% dos participantes. Aquelas compañías que superen este mínimo de inserción laboral contarán, ademais, con incentivos da Xunta para a contratación que poden chegar aos 9.000 euros no caso dun contrato indefinido.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que, a través deste tipo de programas de formación á carta, financia directamente a contratación que supere o compromiso de inserción laboral fixado.

A posta en marcha destes dous tipos de programas suporá a contratación do 100% dos participantes no caso dos obradoiros e polo menos do 60% no caso das unidades formativas nas empresas.

Entre os retos da Axenda 20 para o Emprego, a folia de ruta do Goberno galego na cal se enmarcan estas dúas actuacións, destacan a creación de 80.000 novos postos de traballo ata 2020, a conversión de 50.000 contratos en indefinidos ou acadar unha inserción tras a formación dun 60%.

CULTURA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE A DA CASA DA NAVEGACIÓN, EN BAIONA

▪ *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta autorización*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao recoñecemento, autorización e cualificación da Casa da Navegación en Baiona como colección visitable. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou a proposta ao Consello da Xunta logo da solicitude realizada polo Concello, que é a entidade titular e responsable deste espazo. O departamento de Cultura da Xunta elaborou a dita proposta logo de obter informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio e achegar un informe externo da Dirección do Museo de Pontevedra.

Deste xeito contribúese a fortalecer a oferta turística e cultural local tendo en conta, ademais, que o proxecto deste centro prevé a vinculación co Museo da Carabela Pinta, co obxectivo de formar un complexo museístico de xestión compartida integrado na oferta turística do Concello. Cómpre sinalar, ademais, a proxección deste centro no contorno sociocultural a través de 2 espazos que ofrece á cidadanía: o salón de actos e o xardín exterior, onde se realizan actividades socioculturais de divulgación da colección e do ámbito temático da Casa.

Historia de porto e vila

A Casa da Navegación é un centro museístico de titularidade municipal que xira arredor de dous eixes básicos: a historia da vila e a do porto de Baiona no contexto da navegación atlántica (s. XVI –XVIII), cunha especial atención á divulgación dos materiais arqueolóxicos procedentes das escavacións realizadas no porto. Desde este punto, o centro afonda no papel de Baiona na historia da navegación, resaltando as relacións comerciais con Europa e América, así como o papel do porto na evolución e conformación urbanística da vila.

De forma complementaria, e de cara ao exterior, proxéctase como un foro de participación aberto tanto a colectivos e asociacións como a institucións e grupos de investigación relacionados co seu ámbito temático.

Cómpre salientar que nos últimos tempos o centro ten redefinido o seu guión museográfico orixinal para acadar mensaxes que comuniquen mellor ao público, organizar dun xeito máis sinxelo o discurso e mellorar a propia accesibilidade da Casa e da mostra. Así mesmo, avanza na conservación e no tratamento de certas pezas da colección, ademais de introducir outras novas procedentes da devandita investigación arqueolóxica. As melloras realizadas valéronlle, finalmente, o visto bo e praxe ao expediente de recoñecemento como colección visitable.

Requisitos

A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia establece, no seu artigo 112, que se considera “colección visitable” aquela que non reúna todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo, sempre que as súas persoas titulares faciliten, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso do persoal investigador. Así mesmo, os seus fondos gozarán das atencións básicas que garantan a súa custodia e conservación.

A partir da entrada en vigor da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, ata o de agora, e sen contabilizar esta aprobada hoxe, son 20 os museos, coleccións ou centros catalogados como “colección visitable” en Galicia (2 museos e 18 coleccións visitables).

A XUNTA PODERÁ TRASPASAR A XESTIÓN DOS MONTES DE UTILIDADE PÚBLICA AOS CONCELLOS QUE O SOLICITEN

- *Así o establece o anteproxecto de decreto que se levou hoxe ao Consello da Xunta para a súa aprobación*
- *Comeza deste xeito o proceso para que sexan as entidades locais as que exploten e coiden dos seus terreos sen mediación de Medio Rural, como sucede ata agora*

O Consello da Xunta deu o seu visto bo e prace ao inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regula o procedemento para autorizar a xestión de montes incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública ás entidades titulares que o soliciten. A aprobación deste paso implicaría que non sería a Consellería do Medio Rural a que, por exemplo, execute as podas e venda a madeira, senón que o fará o propio municipio directamente.

Actualmente compoñen o catálogo 85 montes (unhas 20.000 hectáreas), 4 son de titularidade autonómica e o resto son de concellos ou entidades locais menores. Xa hai municipios interesados neste trámite que, unha vez que entre en vigor a normativa, poderán solicitar o seu traspaso. Este proceso calcúlase que podería tardar uns seis meses. E, en todo caso trátase dun trámite voluntario.

A entidade local á cal se lle autorice xestionar os montes catalogados dos que sexa titular pasará a exercer todas as funcións que a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia lle atribúe á administración xestora dos montes catalogados. Polo tanto, ademais do seu mantemento e coidado, será a responsable de explotalo. Por iso, este paso tamén suporá a transferencia dos correspondentes fondos de melloras, que pasarán a ser administrados polos titulares dos montes, sen prexuízo das facultades de inspección, control e coordinación do fondo que a lei lle atribúe á Xunta de Galicia.

A Lei de montes establece que aqueles “incluídos no catálogo de montes de utilidade pública serán xestionados pola Administración forestal, agás que sexa solicitada a súa xestión pola entidade titular e autorizada esta pola administración forestal nos termos que considere necesarios”. Iniciarase así o proceso para desenvolver un decreto que indique o procedemento que cómpre neste caso. Deste xeito, favorécese que as administracións locais desempeñen un papel cada vez máis importante no conxunto do sector público e que poidan asumir todas as competencias en materia forestal que lles atribúe a lei galega. Ao mesmo tempo, deberase garantir a xestión sustentable dos montes catalogados, de acordo coa súa multifuncionalidade ambiental, económica, social, cultural e patrimonial.

A EGAP INCREMENTA NUN 27 POR CENTO AS PRAZAS DE FORMACIÓN PARA ESTE ANO E REFORZA AS MATERIAS RELATIVAS Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- *O Plan de formación de 2017 inclúe un total de 623 edicións formativas dirixidas ao persoal das administracións públicas galegas cun total de 29.625 prazas ofertadas*
- *Continúase coa aposta pola teleformación, cunha porcentaxe do 49,81 por cento das prazas totais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe do Plan de formación da Escola Galega de Administración pública, no cal se incrementa nun 27 por cento as prazas e nun 18,2 por cento o número de edicións formativas para este ano. Ademais, segundo recolle o informe, as cifras de prazas e edicións aumentarán sensiblemente ao longo do ano coa convocatoria de cursos mediante convenios, cursos superiores e de especialización, cursos monográficos e xornadas; actividades alleas ao dito plan pero convocadas directamente pola Escola.

O plan de formación, aprobado polo Consello Reitor da Escola o pasado 18 de xaneiro, engloba o persoal da Administración autonómica, da Administración local, da Administración de xustiza, o persoal de administración e servizos das universidades galegas e ao persoal da Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia. Para todos eles está prevista durante 2017 a convocatoria de 623 edicións formativas, un 18% máis que en 2016, e 29.625 prazas, un 27% máis que en 2016. Continúase, así mesmo, apostando pola teleformación, que acada unha porcentaxe do 49,8 por cento das prazas totais que ofrece a Escola no Plan de formación para este ano.

Ao igual que en anos anteriores, a EGAP propón un programa formativo vertebrado nuns obxectivos de mellora e modernización comúns que, ao mesmo tempo, atende ás necesidades concretas de cada colectivo. Como novidade para 2017, a formación da EGAP vai ser esencial para a modernización administrativa, cun reforzamento dos cursos de formación continua relativos á Administración electrónica e facéndoos extensivos a todos os empregados públicos da Comunidade Autónoma.

O programa de actividades proposto é o resultado dun proceso de detección das necesidades formativas no cal se tiveron en conta as necesidades da propia Administración, as propostas dos coordinadores de formación de cada centro directivo, a colaboración de docentes e expertos de distintos eidos formativos e as achegas dos destinatarios da formación; que coas súas suxestións contribuíron a facer do plan un verdadeiro instrumento para a mellora continua. Así mesmo, a avaliación dos plans

formativos, concibida como un proceso sistemático e permanente de recollida de información, é un dos alicerces nos cales se sustenta o modelo formativo da EGAP.

Formación continua

O Plan de formación específico para o persoal da Administración autonómica previsto para o ano 2017 recolle un total de 390 edicións e 14.368 prazas. Ao igual que en anos anteriores, a Escola continúa cun completo programa de formación en idiomas, no cal se inclúen, por unha banda, o galego e, por outra, as linguas estranxeiras, tanto nas modalidades presencial como de teleformación. Estas materias comportarán a convocatoria de 1.145 prazas en linguas estranxeiras, 640 en lingua galega e 25 en linguaxe de signos.

Ademais, a EGAP ten previsto convocar un total de 33 edicións formativas e 1.475 prazas para o persoal da Administración de xustiza; 27 edicións formativas e 1.285 prazas para o persoal de administración e servizos das universidades e 31 edicións formativas e 1.470 prazas para o persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público. Finalmente, a formación ofrecida para o persoal das entidades locais galegas vertebrarase a través de dous eixes: por unha banda, a Escola convocará as subvencións para plans de formación das entidades locais de Galicia, cun financiamento de 427.905 euros, e, por outra banda, porá en marcha 52 actividades e 2.027 prazas para os empregados das entidades locais.

Antecedentes Plan formación

Desde 2012, a Escola tivo como principal eixe de acción a universalización da formación coa apertura a colectivos sen acceso á formación continua. Ademais, ofreceu unha formación sen barreiras xeográficas ou temporais a través da implantación da autoformación e do incremento da formación en liña; unha formación centrada nos temas de actualidade con incidencia na Administración pública e no seu funcionamento, grazas á celebración de xornadas e cursos monográficos, e unha formación máis práctica, cun 25 por cento de obradoiros en todas as actividades de formación continua.

Grazas ao anterior, a Escola convértese nun centro aberto a todos os interesados en formarse e nunha peza imprescindible para acadar unha Administración de calidade, eficaz e eficiente no cumprimento dos fins de interese xeral que ten asignados.

3.462 PARROQUIAS BENEFICIARANSE DA REBAIXA FISCAL PARA ADQUIRIR UNHA VIVENDA HABITUAL NO RURAL, O 94% DO TERRITORIO DE GALICIA

- *A Xunta eliminará os impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade*
- *O 62% das parroquias beneficiadas atópanse nas provincias de Lugo e Ourense*
- *Esta rebaixa fiscal aplicarase en todas as parroquias galegas cualificadas como zonas pouco poboadas, co obxectivo de dinamizar as zonas menos habitadas*
- *Ademais, a bonificación fiscal complementa o programa de impostos cero no rural aprobado pola Xunta de Galicia en 2016*

Un total de 3.462 parroquias poderán beneficiarse da rebaixa fiscal para adquisición de vivenda habitual dos mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade no eido rural. Así, a Xunta vai eliminar os impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para estes colectivos no 91,3% das parroquias de Galicia, que representan preto do 94% da superficie da Comunidade.

Así se recolle nun informe sobre a rebaixa selectiva de impostos no ámbito rural para evitar o despoboamento presentado hoxe polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, na reunión do Consello da Xunta. Esta rebaixa fiscal aplicarase en todas as parroquias galegas cualificadas como zonas pouco poboadas, é dicir, aquelas en que é máis necesario recuperar poboación co obxectivo de dinamizar as zonas menos habitadas.

En concreto, o 36,1% das parroquias beneficiadas por esta bonificación fiscal pertencen á provincia de Lugo (1.251); o 25,9% á de Ourense (895); o 23,5% á provincia de A Coruña (813) e 14,5% á de Pontevedra (503).

Metodoloxía

Para a elección das zonas pouco poboadas e das parroquias que se beneficiarán da rebaixa fiscal tomouse como referencia unha estatística do Instituto Galego de Estatística (IGE) que clasifica as parroquias galegas segundo o seu grao de urbanización.

O grao de urbanización é unha variable xa utilizada por organismos estatísticos internacionais como Eurostat, que clasifica os territorios en tres categorías segundo o seu carácter urbano ou rural: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP).

Programa 'impostos cero'

Esta baixada fiscal complementa o programa de impostos cero no rural aprobado pola Xunta de Galicia en 2016. A medida ten como obxectivo favorecer a mobilidade de

terras, propiciando a súa transmisión ao sector agrario, e facilitar que as explotacións accedan ao solo agrario con menos custo.

Grazas a este programa, máis de 8.000 contribuíntes non pagaron imposto sobre transmisións patrimoniais e imposto de actos xurídicos documentados en 2016, o primeiro ano de aplicación deste programa. En concreto, 8.078 galegos non pagaron estes impostos no momento de adquirir un ben rústico ou ampliar unha explotación agraria.

A SEGUNDA EDICIÓN DO CONCURSO DE IDEAS INDUSTRIA 4.0 MOBILIZARÁ 10 MILLÓNS EN PROXECTOS PILOTO EN MEDIO CENTO DE PEMES GALEGAS

- *A convocatoria impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará seis novas iniciativas colectivas, catro delas centradas en implantar a fábrica intelixente en sectores estratéxicos da economía galega*
- *Como novidade impulsaranse, ademais, dous proxectos nos ámbitos específicos da fábrica virtual e a TIC industrial, avanzando en tecnoloxías como a intelixencia artificial, a internet das cousas ou o big data*
- *O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses para facilitar a formación de grupos ou alianzas de traballo entre empresas*
- *Grazas á primeira edición xa se están a desenvolver proxectos na automoción, a alimentación, o aeronáutico e a madeira nos cales participan un total de 38 pemes e que serven de exemplos a seguir por outras empresas no desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vai activar a segunda edición do Concurso de Ideas Industria 4.0, dotada con catro millóns de euros e coa cal se prevé mobilizar 10 millóns en seis proxectos piloto nos cales participarán arredor de medio cento de pequenas e medianas empresas galegas.

A iniciativa prevé seleccionar, por unha parte, catro novos proxectos colectivos para implantar a fábrica intelixente en sectores estratéxicos da economía galega, que se sumarán aos da primeira edición, que están a ser desenvolvidos por Ceaga, no ámbito da automoción; o clúster da madeira; Clusaga (alimentación) e Asime, no aeronáutico, e nos que están a participar un total de 38 pemes mobilizando 7,5 millóns de euros.

Como novidade desta segunda convocatoria, cofinanciada con fondos Feder, impulsaranse ademais un proxecto temático no ámbito específico da fábrica virtual (a simulación de procesos para optimizalos) e outro na TIC industrial, avanzando en tecnoloxías como a intelixencia artificial, o seguimento do produto, internet das cousas e a análise de negocio e os modelos predictivos utilizando datos masivos (big data).

O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses unha vez que se publique a convocatoria no DOG, facilitando así a formación por parte dos clústers e asociacións empresariais de grupos ou alianzas de traballo conformadas por un mínimo de tres empresas.

A axuda máxima será dun millón de euros por cada un dos proxectos, incluíndo un premio de ata 25.000 euros para as entidades coordinadoras de cada unha das iniciativas seleccionadas. Escollerá os proxectos un xurado composto por

representantes do Igape, da Axencia Galega de Innovación e expertos nacionais e internacionais de recoñecido prestixio.

Agárdase que, tal e como está a suceder cos proxectos apoiados na primeira edición, as iniciativas seleccionadas teñan un importante efecto demostrador no ámbito da industria 4.0 para o conxunto do tecido empresarial galego, servindo como exemplos para seguir por outras empresas no desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0.

Con esta folla de ruta, que ten entre os seus obxectivos incrementar para 2020 o peso da industria galega no PIB en 6,5 puntos, ata acadar o 20%, Galicia é pioneira no camino cara á Industria 4.0 con medidas que apostan pola formación, o establecemento dunha estratexia de sensibilización que impulse este novo modelo produtivo e axudas ao tecido empresarial.

Ademais da iniciativa da que hoxe se informou no Consello da Xunta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten en marcha outros programas como a Iniciativa Captación de Investimentos 4.0, para proxectos cun orzamento superior aos 20 millóns de euros; o programa de Unidades Mixtas de Investigación, con varias delas centradas na mellora dos procesos industriais, ou o programa de Formación 4.0 do Igape.

Con respecto a este último, está previsto abrir nas próximas semanas unha segunda convocatoria, que completará o traballo da primeira edición, para facilitarlles entre as dúas a máis de 2.000 traballadores e mandos intermedios os coñecementos necesarios para que impulsen a fábrica intelixente nas súas pequenas e medianas empresas e melloren así os procesos produtivos e a calidade dos seus servizos.

Outra iniciativa que impulsa a fábrica intelixente e o emprego das novas tecnoloxías é o programa ReAcciona TIC, no cal colaboran o Igape e a Amtega e que apoia a execución de proxectos nas empresas galegas que busquen melloras dixitais e a introdución de conceptos vinculados á Industria 4.0.

A XUNTA ACTIVA O PLAN RENOVE DE FIESTRAS PARA IMPULSAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN 1.700 FOGARES GALEGOS E MOBILIZAR 6 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa no Consello da Xunta sobre esta nova convocatoria de axudas á cal destina 1,5 millóns e coa que busca mellorar o confort e a calidade de vida das familias galegas nas súas vivendas***
- ***Esta iniciativa enmárcase no Plan de vivenda 2017, para o cal a Xunta destina este ano 8,7 millóns de euros, un 10% máis que en 2016***
- ***A contía máxima das axudas será do 25% do custo da obra, cun límite de 3.000 euros por vivenda e de 50.000 por edificio***
- ***O prazo de solicitude estará aberto do 1 de marzo ao 29 de setembro e as axudas concederanse por orde de presentación a todo solicitante que cumpra os requisitos***
- ***A Dirección Xeral de Enerxía e Minas aprobou, a través das seis edicións anteriores do Plan Renove de Fiestras, un total de 8.325 solicitudes por un importe global de 10,9 millóns***

A Xunta destina este ano 1,5 millóns de euros na nova edición do Plan Renove de Fiestras, unha iniciativa enmarcada no compromiso da Consellería de Economía, Emprego e Industria de impulsar a eficiencia enerxética coa mellora da envolvente térmica nos fogares galegos, favorecendo así o confort e a calidade de vida dos cidadáns. Ademais, esta convocatoria de axudas, con que se prevé chegar a 1.700 familias, suporá un impulso económico para as entidades colaboradoras que se adhiran ao programa, posto que a previsión é que se mobilicen ao redor de 6 millóns.

Estas axudas diríxense a persoas propietarias dunha vivenda e a comunidades ou mancomunidades de veciños que residan en Galicia. A principal novidade desta edición é que todas as solicitudes se realizarán por vía telemática a través dos rexistros da Xunta, o que facilita tanto a súa presentación como a tramitación dos expedientes.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, o prazo para presentar as solicitudes para esta orde de axudas, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o próximo 31 de xaneiro, estará aberto do 1 de marzo ao 29 de setembro, ou ben ata que se esgote o crédito disposto. Pola súa parte, o período que terán as entidades que se mostren interesadas en colaborar no Plan Renove de Fiestras será de cinco días hábiles a partir do 1 de febreiro incluído. A convocatoria será por concorrencia non competitiva, polo que as axudas se outorgarán por orde de presentación, ata esgotar o crédito, a todo solicitante que cumpra os requisitos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, mantén as contías das axudas que estaban fixadas na anterior convocatoria deste programa de renovación de fiestras. Así, cunha subvención máxima do 25% do custo total da obra, a contía da axuda será de ata 100 euros por metro cadrado, cun

límite de 3.000 euros por vivenda unifamiliar ou piso; mentres que, no caso de comunidades de propietarios, serán tamén 3.000 euros por vivenda pero ata un máximo de 50.000 euros por edificio. A data límite para finalizar as obras será o 30 de setembro.

Trátase da sétima edición do Plan renove de fiestras. A través das seis convocatorias anteriores, concedéronse 8.325 axudas por un importe total de máis de 10,9 millóns de euros, o que supuxo desde 2009 a mobilización de 47,6 millóns para o tecido empresarial relacionado con este sector.

Esta iniciativa enmárcase no Plan de vivenda 2017, que desenvolve a Consellería de Economía, Emprego e Industria e que ten como obxectivo impulsar o aforro e a eficiencia enerxética nos fogares galegos. Deste xeito, as familias poden aforrar custos na factura enerxética, ademais de mellorar a súa calidade de vida, potenciar o uso de enerxías renovables autóctonas e diminuír as emisións de CO₂. O Plan renove de fiestras é a primeira das medidas incluídas no programa de aforro e eficiencia enerxética nos fogares que se convocará neste ano 2017.

Este paquete de medidas para favorecer o aforro e a eficiencia enerxética nos fogares de Galicia cumpre a súa terceira edición e a previsión é que para 2017 conte cun orzamento total de 8,7 millóns de euros, un 10% máis que en 2016. Consta de dous campos de actuación: a mellora das infraestruturas cara a construcións máis eficientes (ademais do Plan Renove de Fiestras, inclúense nesta epígrafe o acondicionamento de cubertas con tella ou lousa, a rehabilitación de fachadas con granito e a renovación de ascensores) e o emprego de fontes de enerxía renovables a través do impulso da xeotermia, a solar térmica e aerotermia, e a biomasa.

A XUNTA IMPULSARÁ A CULTURA GALEGA A TRAVÉS DUNHA ESTRATEXIA INTEGRAL CON HORIZONTE EN 2021

- *O Consello analizou hoxe o informe sobre a que será a folla de ruta para fixar obxectivos, liñas estratéxicas e medidas concretas*
- *Trátase da primeira estratexia destas características para a cultura galega que elabora un Goberno da Xunta*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elaborará ao longo deste ano 2017 a 'Estratexia da Cultura Galega 2021', unha folla de ruta que servirá para analizar a situación actual do sector, fixar obxectivos e definir liñas e medidas concretas para acadalos. Trátase da primeira estratexia destas características para a cultura galega que elabora un goberno da Xunta.

O plan tomará como eixes sectoriais os diferentes sectores da cultura galega, nomeadamente o editorial, as letras, o audiovisual, o musical, ás artes escénicas, as artes visuais, o patrimonio cultural e as institucións da cultura (bibliotecas, arquivos e museos). Ademais, teranse en conta como eixes transversais factores como a inclusión cultural, o mundo dixital, o financiamento e gobernanza, a internacionalización e proxección exterior, o papel da cultura na educación, a innovación e tecnoloxía, o turismo cultura, o protagonismo das mulleres no sector e o papel da Cidade da Cultura de Galicia.

O documento centrarase en garantir a máxima difusión da actividade cultural de base en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial neste ámbito. Estes dous grandes obxectivos servirán para enmarcar as prioridades e os proxectos estratéxicos na acción cultural pública no horizonte de 2021, propoñendo procesos de colaboración entre todos os operadores e sectores culturais e concretando as estratexias de cooperación entre Administración e entidades culturais.

Non en balde, a estratexia será froito dunha reflexión compartida e dialogada na que se solicitará a colaboración e participación de todos os axentes implicados, incluídas as diferentes administracións. Así mesmo, o texto será sometido a un proceso de exposición pública que permita a súa revisión e recepción de alegacións e comentarios para a súa mellora.

Fases

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no cal se dá conta das diferentes fases para a elaboración, ao longo deste ano, desta planificación. O primeiro paso consistirá na análise interna e externa, co fin de dispoñer dunha información ampla, contrastada e fiable da situación da cultura en Galicia, o seu contexto de produción e visión

histórica. A partir dela, identificaranse as debilidades e fortalezas, así como os elementos contextuais e estratéxicos que configuran o sector e que deben ser considerados á hora de formular liñas de acción.

A segunda das fases centrarase en producir unha reflexión compartida sobre a visión e misión, os retos e os obxectivos estratéxicos da cultura galega; mentres que a terceira será para identificar os eixes e as liñas que sinalen as prioridades da acción en política cultural nos devanditos eixes sectoriais e transversais.

Finalmente, a elaboración do documento concretarase na redacción das medidas e dos plans de acción, así como na proposición dun cronograma de actuacións secuenciadas ata 2021. Ademais, o texto incluirá unha aproximación orzamentaria e unha proposta de mecanismos de avaliación e seguimento das actuacións que se desenvolvan.

A APLICACIÓN DO 061 DE GALICIA QUE IDENTIFICA OS DATOS E A POSICIÓN EXACTA DOS PACIENTES ESTARÁ DISPOÑIBLE A PRÓXIMA SEMANA PARA A SÚA DESCARGA GRATUÍTA

- *Incorpora a opción de rexistrar información sobre varios usuarios e domicilios, de maneira que tamén permitirá solicitar atención urxente para familiares*
- *Permite a realización de consultas en liña, ofrece información e xeolocalización de centros sanitarios e farmacias, entre outros, e consellos e pautas de actuación en primeiros auxilios*

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 acaba de poñer en marcha unha aplicación para móbiles e tabletas que permitirá facer chamadas ao 061 mediante as cales o cidadán enviará os seus datos de filiación e a a súa posición exacta xeo-localizada. Así, ademais da localización será posible a recuperación dos datos do paciente e a súa historia clínica.

A aplicación Urgencias Sanitarias de Galicia -enmarcada nos plans de innovación sanitaria H2050 e Innova-Saúde do Servizo Galego de Saúde- estará dispoñible a partir do día 31 de xaneiro para a súa descarga gratuít na App Store de Apple e en Google Play. Ademais da opción de chamada ao 061, incorpora a posibilidade de rexistrar información sobre varios usuarios e domicilios, de maneira que permitirá que calquera persoa poida solicitar axuda para os seus familiares, se a necesitan, no caso de urxencia ou emerxencia sanitaria.

Entre as funcionalidades que ofrece esta aplicación destaca a posibilidade de que os cidadáns poidan comunicarse directamente cos profesionais sanitarios de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 a través da consulta en liña que permitirá resolver dúbidas ou realizar consultas de maneira inmediata.

Consellos e actuación en primeiros auxilios

Ademais, co obxectivo de concienciar á cidadanía da importancia do coñecemento e a formación na realización de primeiros auxilios, a aplicación inclúe un apartado de información sanitaria, elaborada polos profesionais do 061 de Galicia, na cal se proporcionan consellos e pautas de actuación ante situacións cotiás que requiren a aplicación de técnicas de primeiros auxilios.

Así mesmo, a aplicación ten habilitada unha canle de envío de suxestións, queixas ou agradecementos mediante a cal os pacientes poderán comunicarse directamente coas diferentes unidades de atención ás Urgencias do Servizo Galego de Saúde. As súas opinións e valoracións serán tidas en conta de cara ao traballo de mellora continua que desde a Consellería de Sanidade se está a realizar co obxectivo de mellorar a asistencia

sanitaria á cidadanía e garantir a equidade e a accesibilidade á atención sanitaria máis axeitada en cada situación.

MÁIS DE 33.000 BENEFICIARIOS GALEGOS DAS AXUDAS DA PAC RECIBIRÁN PRETO DE 190 MILLÓNS DE EUROS NA CAMPAÑA 2017-2018

- *O vindeiro día 1 de febreiro está prevista a publicación no Diario Oficial de Galicia da orde do Fondo Galego de Garantía Agraria que regula estes pagamentos*
- *Trátase dos pagamentos directos da PAC e das medidas agroambientais de desenvolvemento rural, así como das achegas compensatorias para o lácteo*
- *Estas axudas teñen por obxecto contribuír a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se trata de potenciar os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente*

Máis de 33.000 beneficiarios de toda Galicia recibirán preto de 190 millóns de euros correspondentes ás axudas da Política Agrícola Común (PAC) na campaña 2017-2018. O vindeiro día 1 de febreiro está prevista a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) da orde reguladora destes pagamentos por parte do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), que depende da Consellería do Medio Rural. Así se sinala nun informe presentado hoxe no Consello da Xunta.

Trátase dos pagamentos directos da PAC e das medidas agroambientais de desenvolvemento rural (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas). Nesta orde recóllese tamén a axuda excepcional ao sector lácteo, cun carácter compensatorio, pois tal e como se indica na normativa comunitaria o importe asignado a cada Estado membro para esta axuda compensará unha proporción limitada das perdas reais sufridas polos produtores.

Esta convocatoria segue a ser pioneira no ámbito da redución das cargas burocráticas e da tramitación electrónica, xa que o 100% das solicitudes se tramitarán de forma telemática. Ademais, malia ser unha orde cunha tramitación complexa e terse modificado a normativa básica recentemente, publicarase no primeiro día do prazo previsto legalmente, e así Galicia será unha das poucas comunidades autónomas que cumpriran esta previsión.

Estas axudas da Política Agrícola Común teñen por obxecto contribuír a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se trata de potenciar os agricultores realmente activos e as prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente (medidas agroambientais).

Anticipo

Recentemente, o Fondo Galego de Garantía Agraria abooulles uns 102,7 millóns de euros a preto de 26.000 beneficiarios en concepto de anticipo das axudas da PAC

correspondente ao exercicio 2016- 2017. Este anticipo foi un 57% superior ao efectuado no exercicio 2015. A cifra é, ademais, sensiblemente superior á dos últimos anos, xa que en 2013 o anticipo foi de 32,6 millóns de euros, en 2014 de 35,8 millóns e en 2015 de 65,3 millóns de euros.

O resto de pagos pendentes da campaña 2016- 2017 faranse efectivos unha vez que se completen os preceptivos controis sobre o terreo ou administrativos, e está previsto completar o pagamento nun prazo aproximado de dous meses. En todo caso, o período legalmente establecido finaliza o 30 de xuño.